



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
(Escusa asistencia)	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
(Intervención telemática)	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
(Intervención telemática)	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (30/11/2022)

A Presidencia informa que a acta do pleno anterior queda pendente para a seguinte sesión.

2º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial para a construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales. (Expdte: 2022/A008/000019).

Unha das principais vías de acceso á capital do concello, Vedra, é a estrada municipal nº 75 do Inventario Municipal de Bens, que parte da N-525 e cruza a parroquia de San Fins de Sales, unha das máis poboadas do concello, polo que é unha vía de uso principal e de moitísimo tráfico, pero que curiosamente non dispón de beiravía algunha, o que esta a provocar incidencias e sustos con frecuencia entre os viandantes, que non teñen máis remedio que circular pola estrada.

Por ese motivo, de forma urxente, considérase necesario entubar e converter en senda peonil un dos lados da citada vía municipal, para que os transeúntes poidan circular de maneira tranquila e segura, sobre todo, naqueles puntos nos que se produce a maior presenza dos mesmos.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local establece que “2.- O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:d)Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dado que o Concello de Vedra reúne os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario de axudas e subvencións.

Proponse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención nominativa á Deputación Provincial para a construción dunha senda peonil en San Fins de Sales.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria redactada por Estudio Técnico Gallego cuxo orzamento base de licitación ascende á cantidade de 99.994,32 euros.

TERCEIRO.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á parte do orzamento do proxecto non subvencionado pola Deputación.

CUARTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do citado investimento.

QUINTO.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO.-Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor e recórdalle ao equipo de goberno que quedara de facer a senda peonil que vai dende a gardería ata O Breixo.

Intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG, sinalando que cre que é unha boa iniciativa para San Fins e pregunta se a canalización de auga nesa zona vai dentro do orzamento da Deputación ou se é algo complementario.

A Presidencia responde que non recorda se está incluída ou non no orzamento. Se non estivese, farán igual ca en San Miguel para que se metera a canalización de auga en obras.

Posta a votación apróbase por unanimidade.

3º.- Acordo, se procede, sobre do POS+ Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

Visto o disposto na Base 12 das reguladoras do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS +2023), aprobadas polo Pleno da Deputación con data 25 de novembro de 2022, e publicadas no BOP núm. 228/22, de data 01 de decembro, proponse:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2023**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría -Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Acheга provincial preasignada que figura nas Bases do POS + Adicional 1/2023		57.730,64 €	
Acheга provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios		57.730,64 €	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo- ampliación de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliación e dotación de partidas destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	700.155,60	471.528,30	228.627,30



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación á persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios..			
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas			
g) Aluguer de equipamento técnico asistencias para a cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			
T O T A L	700.155,60	471.528,30	228.627,30

O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor xa que é un servizo importante para o concello. Cre que algúns deses cartos se poderían usar para a contratación de persoal para o concello.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, cre que é unha achega extraordinaria da Deputación que supón a partida máis importante para un concello como Vedra. Se puideran conseguir máis cartos de financiamento da Deputación, Xunta ou Estado, poderían metelos noutros traballos dentro de gasto social que tamén necesitan cartos como beneficencia ou gastos en persoal. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSde-G-PSOE, a Presidencia di que as contestará no pleno seguinte debido á ausencia da concelleira.

--Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o estado da concesión da xestión do pavillón, a Presidencia di que están preparando a documentación para volver licitar a concesión.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Respecto a o estado dos ascensores e elevadores de edificios municipais, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que na Casa da Estación xa se fixeron as adaptacións que precisaba e xa está funcionando. En breve se poñerán os restantes en marcha.

3º.- Sobre a pista de skate e o rocódromo, a Presidencia di que no que se refire ao rocódromo xa no seu momento se fixera un estudo e unha valoración no pavillón pola parte exterior, e xa naquel momento se viu que a xestión é complicada porque é unha actividade que require dun seguro moi específico e unha atención permanente. A obra en si mesma, tanto en xestión como economicamente, por agora, é inviable.

En canto á pista de skate, a idea é presentala nunha das subvencións da Xunta relacionadas con equipamentos deportivos ou parques. Estaría situada na reorganización da zona do pavillón ou no espazo libre que hai na pista de rodadura.

4º.- Respecto ao número de habitantes a finais de ano, di que lle responderá en xaneiro cando teñan os datos definitivos.

5º.- Sobre se está Boqueixón financiando parte dos gastos do servizo da ludoteca, a Presidencia di que está previsto, acordado nos orzamentos e comunicado a Boqueixón, en relación ao curso 2022/2023, o que tería que achegar o concello de Boqueixón serían 13.717 €. Está calculado en relación ao número de usuarios de Boqueixón da ludoteca no servizo de tarde.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a dar publicidade ao alugueiro de vivendas en Vedra para que se cense máis xente en Vedra, a Presidencia di que lle parece unha boa idea. As vivendas que están en alugueiro están case todas ocupadas. Cre que teñen que buscar a forma para convencer á xente que ten vivendas sen uso para que as alugue ou as poña á venda.

Convocará unha xunta de voceiros para tratar este tema e intentar mobilizar ese parque de vivendas.

Están falando con ADIF para que lle transmita ao concello algunha das vivendas que teñen na estación para vinculalas a servizos sociais como vivendas de acollida para estadias por meses.

Traslada o debate sobre este asunto á xunta de voceiros.

2º.- Sobre o tema dos cargadores para os coches eléctricos, cédelle a palabra ao Sr. Caldelas González que di que se instaláron no seu día por unha acción comprometida no Pacto de Alcaldías polo clima e a enerxía.

Son catro cargadores intelixentes de 22 kw os que están funcionando e que se poden ampliar nun futuro a 44 kw. Son cargadores semirápidos que levan unha conexión tipo compatible co máis do 90% dos vehículos eléctricos de Europa.

Tanto os postes como os edificios onde están conectados funcionan cun cadro de balanceo, dándolle prioridade sempre ao centro de saúde ou á casa da estación, e a enerxía sobrante vai para os postes de recarga.

Aprovéitase a enerxía que realmente xa se está pagando no concello e que cando non se usa vai aos cargadores.

É libre, sen custes e non supón un gasto gravoso para o concello. Permite facer nun futuro algunha forma de verificación para poder cobrarlle aos usuarios, pero naceu con vocación de compromiso e a idea é non cobrar.

Fíxose dentro dunha subvención do plan MOVES, e os postes tiveron un custe de 10.240 € e o plan financiou o 40 %.

Escolléronse as dúas localizacións porque as infraestruturas eléctricas que teñen permitían esa potencia de 22 kw.

Están dados de alta nas principais plataformas de activos eléctricos.



3º.- Respecto á pista que vai cara as canteiras de Vilanova, a Presidencia di que están pendentes dunha reunión coas canteiras para ver como amañan o tema.

4º.- Toma nota das suxestións respecto do local de San Fins.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se non hai ningún local no concello que se poida habilitar para a actividade de patinaxe, a Presidencia di que como espazo deportivo en si mesmo non o hai. Agora a xente toma como referencia da actividade de patinaxe o pavillón de Lestedo e mesmo existe un club de patinaxe alí.

Cre que deben ir cara compartir espazos e especializar os mesmos.

2º.- Sobre o tema dos alugueiros, di que xa está contestada.

3º.- Respecto a se funciona o lector de microchips do concello, a Presidencia di que funciona correctamente.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, solicita que o grupo de goberno conte na toma de decisións co grupo socialista para ver que obras se poden facer co POS+ Adicional 2023.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se se pode saber nos puntos de recarga cantas persoas usan ese servizo.

O Sr. Caldelas González responde que hai unha aplicación on concello onde poden saber en cada momento o que está cargando en cada vehículo, o número de recargas e o consumo eléctrico.

A voceira do BNG solicita un informe de como está funcionando.

2º.- Pregunta se están regalando grava e area a algúns veciños e por que.

3º.- Recorda que a pista de skate xa se dixera no 2019 que se ía facer na zona do velódromo.

4º.- Solicita que o grupo de goberno conte na toma de decisións co grupo nacionalista para ver que obras se poden facer co POS+ Adicional 2023.

5º.- Preguntan se van arranxar algunhas pistas e camiños máis das que xa se falara. Hai zonas do concello moi deterioradas.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, recórdalle ao grupo de goberno que levan dende o ano 2017 co contrato da xestión do pavillón caducado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.